

PROGRAMA AER2015

Ideas para unha Redondela con futuro

Eleccións Municipais 24 Maio 2015



¡NÓS SOMOS VÓS!
XUNTOS DECIDIMOS

IDEAS para unha REDONDELA con FUTURO

INTRODUCCIÓN p.1

PARTICIPACIÓN CIDADÁ E TRANSPARENCIA

Introdución p.1

Principios Xerais p.2

Propostas concretas p.2

Respecto aos plenos municipais p.2

Respecto dos contratos do concello p.2

Respecto aos regulamentos existentes p.3

Dos diferentes Consellos existentes p.3

Respecto a participación na xestión do Concello p. 4

Respecto dos orzamentos participativos p.4

Respecto a iniciativas de participación colectiva p.4

SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE PÚBLICA

Principios Xerais p.5

Propostas concretas p.5

Respecto aos Servizos Sociais p.5

Respecto á Saúde p.5

Respecto á Educación p.6

Respecto aos Menores de idade: infancia e

xuventude p.6

Respecto á Terceira idade p.6

Respecto á Inmigración p.6

Respecto á Discapacidade p.6

Respecto á Violencia doméstica ou intrafamiliar p.6

IGUALDADE

Principios Xerais p.6

Propostas concretas p.7

Respecto á participación das mulleres p.7

Respecto á educación p.7

Respecto a Emprego e Conciliación p.7

Respecto á Violencia de Xénero p. 7

ENSINO E EDUCACIÓN

Principios Xerais p.8

Propostas concretas p.8

Respecto a programas educativos complementarios p.8

Respecto a mellora de infraestruturas educacionais p.8

Respecto á mobilidade escolar p.9

Respecto a bolsas e estudos p.9

Respecto a educación de adultos p.9

CULTURA

Principios Xerais p.9

Propostas concretas p.9

Respecto ao patrimonio cultural p.9

Respecto á Normalización Lingüística p.10

Respecto á toponimia local p.10

Respecto ás asociacións, centros culturais, e entidades sen ánimo de lucro p.10

Respecto á Programación cultural do Concello p.11

Respecto ao Conservatorio Municipal p.11

Respecto ao fomento da creación artística p.11

XUVENTUDE

Principios Xerais p.11

Propostas concretas p.11

Respecto ao emprego p.11

Respecto á vivenda p.11

Respecto á participación p.12

Respecto á promoción de actividades para a mocidade p.12

Respecto ao local de ensaio p.12

DEPORTES

Principios Xerais p.12

Propostas concretas p.12

Respecto ao fomento do deporte p.12

Respecto das infraestruturas deportivas p.13

Respecto á organización da xestión das

instalacións deportivas p. 13

MEDIO AMBIENTE, RÍOS, MONTES E SOSTINIBILIDADE

Principios Xerais p.13

Propostas concretas p.14

Respecto da Auga p.14

Respecto á Enerxía p.14

Respecto ó eido Forestal p.15

Respecto ó Transporte p.15

Respecto á recuperación, mellora e coidado das Zonas Naturais p.15

Respecto da xestión dos Residuos: Aplicación da Regra das Tres Erres: REDUCIR, RECICLAR, REUTILIZAR p.16

Respecto da Contaminación p.16

Respecto dos Animais p.17

NOVAS TECNOLOXÍAS E RADIO MUNICIPAL

Principios Xerais p.17

Propostas concretas p.17

Respecto ás webs municipais p.17

Respecto ás relacións coa veciñanza e centros culturais p.17

Respecto ao fomento das novas tecnoloxías e radio p.17

URBANISMO, INFRAESTRUTURAS, VÍAS E OBRAS

Principios Xerais p.18

Propostas concretas p.19

Respecto a accesibilidade p.19

Respecto das barreiras arquitectónicas p.19

Respecto das grandes infraestruturas p.19

Respecto a dotacións municipais p.19

Respecto do PXOM p.20

Respecto das obras do AVE p.20

Respecto da humanización dos cascos urbanos p.20

Respecto das Vías e Camiños p.20

Respecto da Seguridade Viaria p.20

Respecto da iluminación pública p.20

LIMPEZA VIARIA E PARQUES E XARDÍNS

Principios Xerais p.20

Propostas concretas p.20

Respecto a concienciación social p.20

Respecto a xeración de residuos en actos e eventos públicos p.21

Respecto á xestión de arborado urbano e xardíns p.21

Respecto a parques infantís e de adultos p.21

FACENDA E XESTIÓN ECONÓMICA

Principios Xerais p.21

Propostas concretas p.21

Resp. ás axudas outorgadas polo concello p.21

Respecto aos servizos privatizados p.21

Respecto as ordenanzas fiscais do concello p.22

Respecto aos impostos municipais p.22

Respecto do orzamento do Concello p.22

Respecto ás contas municipais p.22

DESENVOLVEMENTO LOCAL: EMPREGO, COMERCIO E INDUSTRIA, FEIRAS E MERCADOS

Principios Xerais p.22

Propostas concretas p.22

Respecto ao Emprego p.22

Respecto á Industria e comercio p.23

Respecto á produción local p.23

TURISMO

Principios Xerais p.23

Propostas concretas p.24

Respecto a Referentes turísticos de calidade p.24

Respecto á Divulgación turística p.24

Respecto ao Hospedaxe turístico p.24

Respecto á Planificación turística p.24

INTERIOR

Principios Xerais p.25

Propostas concretas p.25

Respecto aos Regulamentos p.25

Respecto aos Rexistros p.25

Respecto á Policía Local p.25

Respecto ao GRUMIR e Protección Civil p.25

Respecto á organización do tráfico p.25

Respecto aos Recursos Humanos p.25

INTRODUCCIÓN

Promesas valeiras de contido. Repetidos enganos para aparentar o que non será, para deseñar propostas baseándose en hipóteses falsas ou en mentiras disfrazadas de promesas. Promesas, promesas, e promesas...

Con certa periodicidade, todos os cidadáns somos chamados ás urnas para elixir a aqueles veciños que queremos que organicen a “*res publica*” atendendo a un ben común xustamente xestionado. Entón dispáranse as promesas e, nos meses precedentes ás eleccións, todos os problemas teñen posible solución: Acúmulanse os futuros amaños dos camiños, as futuras e rápidas solucións aos déficits concretos de saneamento, os proxectos de obras faraónicas que podería acometer o novo goberno tentando superar ás que xa emprendera, e se cadra non rematara, o anterior, etc.

Nós non queremos facer promesas. O cumprimento da maioría delas é irreal e moitas non son máis que un simple gancho para acadar votos.

A xestión dos problemas e dos novos proxectos que teñan enriba da mesa os gobernantes municipais, deberá apoiarse nunha xusta planificación temporal na que se establezan prioridades e prazos realistas.

É preciso que nas actuacións dende o goberno local sexa preferente a distribución equitativa dos recursos, a emenda dos aldraxes comparativos, a transparencia, e o establecemento das canles efectivas de participación veciñal.

Do mesmo xeito, o día a día ven sendo fundamental, pois a testana realidade esixe unha constante reformulación das prioridades, sobre todo cando aparecen situacións de urxencia que requiren unha resposta rápida, eficaz, e real.

As promesas electorais puntuais esquecen o limitado dos orzamentos municipais e a dependencia que moitos proxectos ou actuacións teñen doutras administracións (Deputación, Xunta, Goberno Central) e dos seus prazos.

O que necesita o noso Concello son administradores eficientes, comprometidos, responsables, teimudos, e sobre todo, que escoiten e interpreten a diversidade das voces dos veciños; xestores que teñan claras unhas liñas estratéxicas e un proxecto de futuro para a nosa vila.

Dende AER propoñemos a continuación unha aproximación desas liñas. Non son promesas! Son unha pequena parte daquela imaxe de Redondela, que moitos/as de nós queredamos ter atopado hai anos.

O camiño é longo e dificultoso, mesmo podería transcorrer en décadas. Non obstante, dende AER cremos que nesta pasada lexislatura, comezamos a camiñar por un novo sendeiro cara a un modelo que entende de xeito diferente as relacións dos administrados cos seus administradores.

Coa complicidade de todos/as no goberno do noso Concello, poderemos afrontar mellor os problemas, e aproveitar as oportunidades futuras.

~ PARTICIPACIÓN CIDADÁ E TRANSPARENCIA ~

"Unha democracia só fai honra ao seu nome se os cidadáns teñen verdadeiro poder para actuar como tales, é dicir, se son capaces de gozar dunha serie de dereitos que lles permitan demandar participación democrática e considerar a devandita participación como un título" (David Held, sociólogo británico especialista en teoría política, nado no ano 1.959).

Este capítulo do programa non debe ser considerado illado. Porque constitúe o eixe transversal que determina todas e cada unha das decisións e achegas que AER ten feito, fai e fará. Constitúe o noso sinal de identidade, a nosa idea de ser políticos, a nosa concepción dunha Democracia Participativa fronte a unha Partitocracia Representativa.

Principios Xerais:

A razón primeira e fundamental destes principios radica no convencemento da igualdade entre a cidadanía, da capacidade persoal para ser quen de participar na determinación dos destinos colectivos. Este principio de igualdade lévanos a defender radicalmente a máxima de que “non queremos pastores nin ovellas” e mesmo a esa que fai catro anos levamos como lema: “Nós somos vós”.

Cremos profundamente na capacidade de cada quen para achegar ideas. Isto supón unha atención especial á nosa actitude de escoita, pero tamén de creación de canles polas que circulen as achegas. Hoxe vemos como se multiplican as iniciativas de consulta cidadá, coma cada catro anos, pero durante este tempo todas as iniciativas para facelo efectivo no devir do día a día, foron rexeitadas polos grupos do Concello. Nós apostamos pola transparencia como mellor medio para facilitar a participación.

Facer da participación un principio da actividade política só ten sentido se vai acompañada dunha transparencia que nos permita ser unha cidadanía informada. Son as dúas caras dunha mesma moeda. Non se pode pensar nunha sen a outra.

Entendemos que crer na participación e na transparencia como principios básicos da actividade política, supón un acto de realismo e humildade. ¿Acaso sabemos nós máis que o resto da cidadanía en tódolos temas?. Nós pensamos que non, pensamos que, contando coa información suficiente, sabemos máis entre todos que illadamente. E isto hai que traducilo en mecanismos e estruturas de participación e comunicación abertas.

Propostas concretas:

Respecto aos plenos municipais:

- ❖ Declarar o Multiusos da Xunqueira como dependencia do Concello cara a salvar os requirimentos legais que permitan trasladar os Plenos a ditas instalacións para facilitar a presenza da cidadanía.
- ❖ Editar un Boletín Municipal, en papel e dixital, para divulgar, a actividade plenaria mensual.
- ❖ Priorizar, nos plenos ordinarios, o tratamento das mocións que versen sobre temas que son competencia do Concello de Redondela.
- ❖ Publicar, en tempo real, as resolucións de alcaldía na web (apartado “Resolucións”) e comunicalas aos voceiros de cada grupo político con representación no Pleno.
- ❖ Emitir en directo, vía TV dixital e mediante a Radio Municipal os Plenos.
- ❖ Crear un arquivo visual e sonoro para a consulta pública de cada Pleno.
- ❖ Establecer canles de participación directa da cidadanía no pleno, habilitando medios para a presentación de mocións de interese xeral:
 - A través de AER, sempre que concorden cos principios da agrupación, como levamos facendo estes catro anos.
 - Potenciando a capacidade dos Consellos Parroquiais para presentar iniciativas ao Pleno.
 - Facilitando aos cidadáns a presentación de iniciativas ao Pleno, avaladas cun mínimo de 100 sinaturas, coa posibilidade de defender no Pleno a iniciativa mediante un representante.
 - Establecendo unha quenda de participación cidadá cun máximo de tres preguntas por Pleno seguindo unha rigorosa quenda de entrada.
 - Priorizando o tratamento das cuestións municipais fronte os temas de ámbito autonómico e/ou estatal, podendo debaterse estas últimas na xunta de voceiros, dando conta ao Pleno do resultado das votacións e publicando no Boletín Municipal de Plenos as argumentacións de cada grupo.

Respecto dos contratos do Concello:

- ❖ Elaboración dunha lista “PÚBLICA” de empresas que queiran traballar para o Concello na que conste a actividade á que se adican ou para a que se ofertan, os aspectos básicos de Responsabilidade Social Corporativa (integración de persoas con discapacidade, conciliación familiar, apoio a iniciativas sociais,

porcentaxe de traballadores con contrato fixo ou temporal, proporción de traballadores residentes no concello, etc.)

- ❖ Comunicación de cada contrato ao resto dos grupos da corporación, en canto se tramite e publicación na web do Concello, respectando os límites que establece a lei de protección de datos.
- ❖ Creación dun protocolo consensuado de presentación de ofertas que garanta a confidencialidade e impida o coñecemento previo das ofertas presentada ata o momento de apertura dos sobres no que se contará coa presenza de un mínimo de dous funcionarios elixidos polos grupos políticos. (Sen teren en conta a súa representatividade: cada grupo un voto).
- ❖ Creación dunha sección no “Perfil do Contratante” que, baixo o lema “Servizos Privatizados” poña a disposición pública todos e cada un dos expedientes completos de adxudicación dos servizos privatizados.”
- ❖ Comunicación aos voceiros de tódolos grupos, cando se realice unha contratación directa sen publicidade, dos seguintes datos:
 - Modelo de invitación transmitido ás distintas empresas.
 - Xustificación e criterios empregados polo alcalde para a elección das empresas.
 - Obxecto do contrato.
 - Importe do contrato.
- ❖ Publicación na web do Concello de tódalas contratacións realizadas, onde conste:
 - Modelo da invitación.
 - Propostas presentadas.
 - Criterios de adxudicación.
 - Resolución da adxudicación.
- ❖ Creación dunha liña directa de participación cidadá para denunciar calquera alteración dos procesos de adxudicación obxectiva dos contratos.

Respecto aos regulamentos existentes:

- ❖ Dos Regulamentos dos Consellos Parroquiais:
 - Facer efectivo o dereito de asistencia aberta ás súas reunións.
 - Presentación, en convocatoria extraordinaria e simultánea, do borrador de orzamento anual proposto.
 - Darlle a consideración de verdadeiro órgano de participación “DIRECTA” da veciñanza na xestión municipal.
 - Publicar na web a composición de cada C. Parroquial así como os contactos dos representantes veciñais.
 - Promover un mínimo de dúas asembleas anuais nas que o C. Parroquial dea conta do realizado e responda das cuestións que a cidadanía considere de interese.
 - Promover a modificación deste regulamento no sentido de garantir a representatividade dos colectivos e non das persoas.
 - Establecer xornadas formativas respecto do funcionamento e estruturas do Concello: orzamentos, participación nos Plenos (preguntas, comparencias e mocións), rexistros, etc.
 - Debate e recollida de suxestións, en convocatoria extraordinaria e simultánea, respecto do borrador de orzamento anual proposto.
 - Potenciar a participación directa nos plenos con aquelas propostas que xurdan por maioría significativa.
- ❖ Dos diferentes Consellos existentes:
 - Dotalos das ferramentas precisas para dar a coñecer as súas funcións, o seu traballo, e as súas propostas, así como os criterios para determinar a representatividade coa que se forman.
 - Facilitar a publicación das súas actas, orde do día, e resolucións tanto na web do Concello coma no Boletín Municipal.
 - Potenciar a participación dos diferentes axentes sociais implicados, dándolle a maior visualización ao proceso de elección de membros.

- Esixir que se acredite a consulta, información, de cada membro do consello respectivo co sector que representa.

Respecto a participación na xestión do Concello:

- ❖ Creación do portal de transparencia no que se cumpran tódalas esixencias da Lei de Transparencia e aquelas que mediante o Pleno se decidan levar a cabo.
- ❖ Publicación de tódalas suxestións recibidas no correo específico de Participación Cidadá.
- ❖ Entrega ás asociacións sectoriais do borrador de orzamentos correspondente ao seu sector.
- ❖ Facilitar ás asociacións sectoriais e á cidadanía en xeral o acceso aos borradores das bases de axudas e subvencións así como facer públicas as redaccións definitivas.
- ❖ Crear un taboleiro de anuncios virtual na páxina web do Concello onde se publique o mesmo que no taboleiro do Concello.
- ❖ Enviar aos grupos políticos e aos membros do Consello Parroquial correspondente todo aquilo que teña que ser sometido a exposición pública e que afecte os intereses xerais da veciñanza (liñas eléctricas, transformadores, infraestruturas, modificacións urbanísticas...).
- ❖ Publicar bandos informativos no entorno da zona afectada por unha actuación programada.
- ❖ En calquera dos actos suxeitos a informe de Intervención que teña como resultado un informe de reparo, este será inmediatamente comunicado aos voceiros dos grupos políticos así como a preceptiva resposta de levantamento, ou non, de dito reparo.
- ❖ Publicar na páxina web do Concello:
 - Salario de cada un dos membros da corporación.
 - Contía da subvención recibida por cada grupo político.
 - Cartos que reciban os membros da corporación por asistir a outros organismos, como GDR, Deputación, Portos de Galicia, etc....
 - Dietas recibidas polos concelleiros con responsabilidade de goberno e concepto das mesmas, cunha frecuencia semestral.
 - Gastos de protocolo do equipo de goberno e concepto dos mesmos, cunha frecuencia semestral.
- ❖ Nomear un representante do equipo de goberno coa función específica de recoller, tramitar, facer seguimento e responder ás achegas, suxestións ou queixas que a cidadanía exprese.
- ❖ Creación dun correo de suxestións.
- ❖ Creación dun Consello dos nenos/as.

Respecto dos orzamentos participativos:

- ❖ Poñer a disposición da cidadanía a información básica respecto do orzamento, prazos de decisión e execución así como dos procedementos de cada fase (realizado mediante a web do Concello e bandos públicos distribuídos polas diferentes parroquias).
- ❖ Celebración dunhas xornadas de formación para as asociacións e veciñanza sobre o funcionamento, características e elaboración do orzamento municipal.
- ❖ Posta en marcha dunha campaña de formación cara á elaboración dun regulamento que rexa a elaboración, obxecto, e aprobación dos orzamentos participativos.
- ❖ Creación dunha oficina de orzamentos participativos.
- ❖ Convocatoria de asembleas parroquiais nas que se dea conta das propostas, se recollan outras novas e se debata sobre as prioridades de execución.

Respecto a iniciativas de participación colectiva:

- ❖ Crear unha ventá na web do Concello a disposición das asociacións e cidadanía para promover iniciativas de acción nos diferentes eidos da vida municipal.
- ❖ Establecer unha caixa do correo de prensa que transmita directamente a tódolos medios os actos e iniciativas que se desenvolvan no termo municipal.

- ❖ Apoio á creación de bancos de tempo solidarios e ao intercambio de saberes. Canalización de información para saber o que existe e como atopar diferentes coñecementos.
- ❖ Respetar e ter en conta a voz do asociacionismo en xeral, e do cidadán en particular, á hora da toma de decisións, fomentando a participación na toma de decisións do goberno local.
- ❖ Disposición dun membro do equipo de goberno como interlocutor directo con tódalas asociacións.
- ❖ Facilitar as infraestruturas e medios municipais para o desenvolvemento de encontros e actividades asociativas de interese municipal.
- ❖ Dispor os medios tecnolóxicos para que toda a actividade municipal que se publica noutros medios poida chegar ao correo persoal de toda a cidadanía que o solicitase previa presentación dun correo de contacto.
- ❖ Establecemento de xornadas con visitas guiadas para o alumnado dos centros educativos nas cales se informe sobre a vida municipal, ademais de realizar un simulacro de Pleno e unha audiencia de alcaldía que recolla as súas inquedanzas e solicitudes.

~ SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE PÚBLICA ~

“Para non participar na dexeneración social, deberemos usar o verbo "cambiar", non só o verbo "dar", preguntémonos se desexamos ser parte da solución ou do problema. (Esther López Barceló, diputada valenciana por EU licenciada en historia, nada no ano 1983).

Principios Xerais:

Non son servizos de caridade, senón de equidade, que deberán caracterizarse pola súa universalización, accesibilidade, cooperación, flexibilidade, eficiencia e calidade..

Propostas concretas:

Respecto aos Servizos Sociais:

- ❖ Racionalización dos recursos materiais e humanos para optimizar o seu funcionamento.
- ❖ Adecuación das bases das axudas sociais para facelas máis xustas e universais.
- ❖ Elaboración de programas para a satisfacción das necesidades básicas (alimentación, vivenda, sanidade, etc).
- ❖ Elaboración de programas específicos, educación, integración e formación para os distintos grupos de poboación (infancia, xuventude, inmigrantes, terceira idade, persoas con discapacidade, persoas en situación de dependencia, ...)
- ❖ Publicidade e difusión das actuacións, programas e axudas que se realizan dende os Servizos Sociais en colaboración cos diversos colectivos e/ou asociacións.
- ❖ Dar preferencia nos convenios marco de contratación, ás empresas que garantan unha RSC (Responsabilidade Social Corporativa) e cumbran cós criterios de integración.
- ❖ Potenciación do Servizo de Asistencia no Fogar (SAF), artellando para que chegue ao maior número de familias que o precisen.
- ❖ Promoción da creación de empresas de inserción social.

Respecto á Saúde:

- ❖ Realización de políticas formativas e preventivas en diferentes eidos, principalmente:
 - Absentismo escolar, sexualidade, etc.
 - Toxicomanía, alcoholismo, etc.
 - Exclusión social, etc.

- ❖ Demanda da mellora na dotación de medios e servizos que se ofertan no Centro de Saúde, reducindo a dependencia dos centros médicos de Vigo.
- ❖ Elaboración dun mapa socio-sanitario completo do Municipio, que permita avaliar e orientar as accións e recursos necesarios.

Respecto á Educación:

- ❖ Fortalecemento das canles de comunicación entre os centros de ensino e servizos sociais co fin de detectar as necesidades reais da poboación.

Respecto aos Menores de idade: infancia e xuventude.

- ❖ Creación dun plan de prevención para menores en risco de exclusión social, mediante programas de apoio escolar, culturais, deportivos e de lecer responsable.
- ❖ Programa de actividades de tempo de lecer eficiente, buscando a conciliación familia-traballo e familia-familia.
- ❖ Promoción e potenciación dos servizos canguro nos colexios.
- ❖ Maior apoio aos comedores escolares.
- ❖ Levar a cabo campañas de información e realización de actividades sobre os menores en colaboración coas distintas asociacións e institucións educativas.
- ❖ Xestionar para lograr que en tódolos lugares/edificios públicos exista unha zona para os menores.
- ❖ Promoción e potenciación de programas que fomenten a crianza con apego.

Respecto á Terceira idade:

- ❖ Xestionar coas administracións competentes a dotación de maior número de prazas en centros de maiores públicos.

Respecto á Inmigración:

- ❖ Favorecer a consolidación do movemento asociativo de inmigrantes mediante mesas de traballo, espazos de participación cidadá e o impulso das actividades en materia de inmigración e interculturalidade.

Respecto á Discapacidade:

- ❖ Aplicación da Lei de Dependencia.
- ❖ Creación do Consello municipal da Discapacidade.
- ❖ Eliminación das barreiras arquitectónicas.

Respecto á Violencia doméstica ou intrafamiliar:

- ❖ Adopción de políticas preventivas que garantan a información a tódalas persoas afectadas sobre os recursos públicos dispoñibles.

~ IGUALDADE ~

“Queremos a metade de todo” (Marcela Lagarde, antropóloga e etnóloga mexicana, nada no ano 1948)

“O feminismo é a idea radical de que as mulleres somos persoas” (Ángela Yvonne Davis, profesora de filosofía e activista afroamericana. Norteamericana nada no ano 1944)

Principios Xerais:

A brecha que existe na nosa sociedade, entre a igualdade legal e a igualdade real, fai necesario e urxente que, dende os poderes públicos e dende as organizacións de distinto orde, se poñan en marcha políticas, plans, e

programas que avalíen, concreten obxectivos e ámbitos, e poñan en práctica medidas que corrigan e reduzan progresivamente a desigualdade.

Propostas concretas:

Respecto á participación das mulleres:

- ❖ Establecer unha Concellería de Igualdade que elabore e coordine a execución dun Plan Municipal de Igualdade de Xénero, no que se impliquen tódalas áreas que desenvolven a actividade do Concello, para integrar a perspectiva de xénero de xeito transversal. (Aplicación da Lei Orgánica 3/2007 de 22 de Marzo para igualdade efectiva de mulleres e homes.)
- ❖ Incorporar o enfoque de xénero nos orzamentos participativos.
- ❖ Establecer criterios de valoración que promocionen a igualdade nos pregos de condicións dos concursos públicos para acceder a contratos coa administración local.

Respecto á educación:

- ❖ Fomentar aquelas actividades (talleres, charlas, cursos de formación ...) encamiñadas á sensibilización e á educación da cidadanía, nuns valores que permitan acadar a igualdade real, axudando á toma de conciencia de:
 - O concepto de patriarcado.
 - A desigualdade dos patróns e roles adquiridos.
 - A importancia dos coidados. É preciso sacar á luz os traballos normalmente invisibilizados que están a soste a vida, e recoñecelos como equiparables aos que están no mercado laboral.
 - O dereito a decidir sobre a maternidade e a paternidade.
 - A deconstrución do amor romántico como elemento potenciador da dependencia emocional feminina, e da violencia de xénero.
 - A importancia das mulleres na historia: “O que non se nomea, non existe ou existe doutro xeito” (García Calvo).
 - A familia como un grupo de persoas que adquiren o compromiso de coidarse mutuamente e de repartir de xeito equitativo as decisións, os recursos, e o traballo doméstico.

Respecto a Emprego e Conciliación:

- ❖ Fomentar políticas activas de emprego que corrigan a desigualdade salarial, a existencia de sectores feminizados e desvalorizados, e a precariedade.
- ❖ Adecuar a oferta formativa do Concello ás necesidades reais do colectivo de mulleres desempregadas.
- ❖ Facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral:
 - Adecuando os horarios dos servizos municipais.
 - Potenciando a creación unha rede de servizos para a atención dos nenos e os maiores, que desenvolva Programas lúdico-educativos.

Respecto á Violencia de Xénero:

- ❖ Impulsar a Prevención ofertando un Servizo de Atención Integral ás mulleres e aos seus fillos/as.
- ❖ Promover a creación de dispositivos de urxencia, en coordinación con outros concellos, que leven consigo Sistemas de Seguimento Integral dos Casos de Violencia de Xénero, coordinados coa Policía Local.

~ ENSINO E EDUCACIÓN ~

“Non é posible abranguer sociedades verdadeiramente libres e solidarias se non acadamos persoas capaces de pensar por si mesmas”. “Non deben ser os nenos e nenas asimilados pola cultura, senón eles quen a asimilen de maneira autónoma, crítica, e creativa”. (Matthew Lipman, filósofo e educador estadounidense, 1922-2010)”

Principios Xerais:

Prevención, atención precoz e integración como principios básicos de eficacia cara ao desenvolvemento dunha cidadanía crítica, libre e responsablemente participativa.

Propostas concretas:***Respecto a programas educativos complementarios:***

- ❖ Posta en marcha dende o Consello Escolar Municipal un Plan de Educación Ambiental que teña como núcleo os nosos ríos e o mar: un plan de sensibilización que poña en valor os ríos, a ría, e que convide a gozar do seu entorno dun xeito responsable e respectuoso.
- ❖ Deseño de Unidades Didácticas/Proxectos educativos integrables no currículo que poña en valor o patrimonio cultural, histórico, industrial, medioambiental e arqueolóxico.
- ❖ Camiñar cara a creación dunha rede de estacións meteorolóxicas e hortas escolares en coordinación con toda a comunidade educativa.
- ❖ Realización de visitas didácticas guiadas ao Concello que faciliten a comprensión do funcionamento deste, e a futura implicación na vida social e política do alumnado, ao tempo que sirvan para abordar a necesidade da participación cidadá, coa posta en práctica do asemblearismo en tódolos niveis educativos. Se queremos que a cidadanía participe e sexa activa, fomentémolo dende a infancia!!!
- ❖ Proxectar a creación dunha rede de escolas de pais e nais que facilite a comprensión dos diferentes estadios evolutivos polos que pasan os cativos e as características de cada etapa, así como orientacións de carácter escolar-académico.
- ❖ Promover encontros interescolares en base a proxectos conxuntos que facilite o coñecemento e a integración do alumnado como membros dunha comunidade chamada Redondela.
- ❖ Promover un programa con medidas específicas para minimizar o abandono escolar na E.S.O.
- ❖ Plan xeral de actividades complementarias coordinadas coas ANPAs e os Centros educativos no que se integren:
- ❖ Plan de enriquecemento lingüístico dirixido especialmente, pero non en exclusiva, a aquel alumnado con déficits intelectuais ou socioculturais.
- ❖ Plan de actividades socio-culturais e deportivas coordinado cos diferentes clubs e asociacións que terá incidencia na adxudicación de axudas e subvencións.
- ❖ Plan de prevención de drogodependencias.
- ❖ Plan afectivo sexual de prevención de prácticas de risco.

Respecto á mellora de infraestruturas educacionais:

- ❖ Avaliación das carencias e déficits das instalacións educativas do concello para tomar as medidas oportunas na xestión das melloras necesarias, corrixindo as deficiencias de accesibilidade aos centros escolares e facendo cumprir a súa normativa.
- ❖ Traballar para o aumento do número de Escolas infantís públicas no territorio do concello.
- ❖ Ampliación das prazas dispoñibles e dos horarios nas bibliotecas, promovendo o fomento do seu uso e mesmo a calidade do seu ambiente:
 - Maior oferta de actividades (contacontos, monicreques, teatro...)
 - Mellor aproveitamento dos recursos existentes. (Poderíanse acadar outros coas posibles doazóns por parte da cidadanía -libros, películas, xoguetes educativos...-)
 - Habilitación de salas de estudo.
- ❖ Potenciación da creación de hortos escolares para facer uso dos espazos naturais como unha segunda aula na que educar no respecto polo medio ambiente e na recuperación de xeitos de vida sustentábel.
- ❖ Xestionar coas administracións competentes a dotación de maior número de prazas para centros infantís públicos (0-3 anos). Demandar o cumprimento da dotación dunha escola infantil na área de Chapela.

Respecto á mobilidade escolar:

- ❖ Creación dun plan de mobilidade escolar que promova o acceso a pé ou en bici coa colaboración da veciñanza e de protección civil. Avanzar cara a posta en marcha das chamadas “Sendas Escolares” ou “Camiños Escolares”.
- ❖ Propoñer un acordo, entre Consellería, Centros Educativos e Concello, dun plan de creación de Centros de Referencia con especialización segundo discapacidades co fin de crear sinerxías e acumular experiencia e medios. O Concello facilitaría a mobilidade e colaboraría cos medios complementarios necesarios.

Respecto ás bolsas e estudo:

- ❖ Promover a convocatoria de bolsas de estudo para estudantes con limitadas posibilidades económicas para desenvolver estudos complementarios (idiomas estranxeiros, másters...).
- ❖ Potenciación de axudas aos comedores, nos que se fomente unha alimentación sa baseada no consumo de produtos ecolóxicos e locais.
- ❖ Potenciación das axudas aos libros e materiais escolares para familias con limitadas posibilidades económicas.

Respecto a educación de adultos:

- ❖ Promover programas específicos de educación de adultos segundo os intereses das familias.

~ CULTURA ~

“ Medio Pan e un Libro ”

“... E eu ataco dende aquí violentamente ós que soamente falan de reivindicacións económicas sen nomear xamais as reivindicacións culturais que é o que os pobos piden a berros. Ben está que todos os homes coman, pero que todos os homes saiban. Que gocen todos os froitos do espírito humano porque o contrario é convertelos en máquinas ao servizo do Estado, é convertelos en escravos dunha terrible organización social.” Do discurso de Federico García Lorca ao inaugurar a biblioteca de Fuente Vaqueros, (Granada) en Setembro de 1931. Poeta, dramaturgo e prosista granadino (1898 - 1936)

Principios Xerais:

A cultura non é algo secundario ou accesorio, senón que é unha necesidade social que ten que ser desenvolvida de abaixo cara arriba, descentralizando as actividades culturais cara ás parroquias e aos movementos veciñais e asociativos.

As distintas expresións artísticas, como formas de coñecemento e de aproximación ao que nos rodea, deberán estar vencelladas á escola.

A cultura ten que ser unha ferramenta de transformación e de creación dunha cidadanía crítica.

Propostas concretas:***Respecto ao patrimonio cultural:***

- ❖ Negociar medidas para a mellora do Camiño Portugués ao seu paso polo noso Concello.
- ❖ Avaliar a posibilidade de actuar no patrimonio histórico local non sinalizado ou abandonado, e polo tanto en perigo de deterioro (xacementos, edificios, “casonas” históricas, cemiterios históricos, ...).
- ❖ Defender, e poñer en valor, o patrimonio inmaterial e a nosa memoria histórica.
- ❖ Dixitalización do arquivo fotográfico do concello, ampliándoo coa recompilación, en colaboración coas asociacións culturais, das fotografías antigas que puidesen aportar as parroquias.

- ❖ Promover o coñecemento da nosa prehistoria, nos xacementos arqueolóxicos de Monte Penide.
- ❖ Poñer en valor o patrimonio industrial das Telleiras de Cesantes:
- ❖ Preservar o noso patrimonio histórico e industrial en Rande:
 - Potenciando e incrementando a actividade do Museo Meirande, en colaboración co movemento asociativo da zona.
 - Xestionando a cesión de terreo para dotar ao Museo dun acceso adecuado e dun aparcadoiro.
 - Poñendo en marcha un estudo que permita sacar á luz e protexer os vestixios do Castelo de Rande afectados pola ampliación da ponte (AP-9)
 - Elaborando un plan que englobe e protexa todos os elementos patrimoniais que posúe a ría nesta zona.
- ❖ Traballar para facer efectivo un maior protagonismo do Concello na xestión da Illa de San Simón:
 - Para que todos os cidadáns teñan acceso a este ben cultural e medioambiental en igualdade de condicións, e que o seu uso e goce non estea “restrinxido” ás elites culturais.
 - Para dotar de contido o seu Centro de Interpretación repoñendo todos os documentos que se conservan, tanto da etapa do lazareto como da cadea, e que, inexplicablemente, foron trasladados deste espazo.
 - Dignificar e dar a coñecer a memoria histórica da Illa durante o período da ditadura Franquista e fascista.

Respecto á Normalización Lingüística:

- ❖ Emprego da nosa lingua en tódalas actividades participadas pola administración local, en todos os carteis e documentación do ente público, e mesmo naqueles servizos privatizados existentes.
- ❖ Potenciar o Servizo Municipal de Normalización Lingüística e das actividades desenvolvidas polo mesmo.

Respecto á toponimia local:

- ❖ Revisar e corrixir a toponimia oficial dos camiños e lugares, e avanzar na realización de traballos para a recuperación da micro-toponimia conxuntamente con entidades especializadas nesta temática.

Respecto ás asociacións, centros culturais, e entidades sen ánimo de lucro:

- ❖ Avaliar a posibilidade da súa colaboración na xestión conxunta e de responsabilidade compartida dos habitáculos e edificios públicos da administración local, para o desenvolvemento de actividades socio-culturais.
- ❖ Avanzar cara a creación dunha base de datos do material propiedade do concello, que poida ser consultada polas entidades para solicitaren o préstamo daqueles materiais que precisen para a realización de eventos.
- ❖ A fluidez na comunicación e na información entre as distintas asociacións e a administración local, deberá permitir a sincronización das actividades que se desenvolvan en todo o Concello, evitando ou minimizando a coincidencia dos actos, para acadar unha programación equilibrada.
- ❖ Impulsar e apoiar aquelas iniciativas do tecido asociativo que traballen en prol da preservación e divulgación do noso patrimonio material e inmaterial.
- ❖ Propor a creación dun Consello da Cultura de carácter consultivo con capacidade para:
 - Establecer liñas de actuación no eido cultural.
 - Participar na elaboración do orzamento anual para Cultura.
- ❖ Apoiar ás iniciativas e proxectos das asociacións, que permitiron e permiten situar a Redondela nun lugar destacado no eido cultural galego, pola variedade, cantidade, e calidade das ofertas culturais que propoñen. Este apoio debería concretarse nos seguintes apartados:
 - Facendo un estudo das necesidades e dos gastos anuais de materiais, e doutras partidas precisas para a realización das actividades culturais.
 - Estudando a viabilidade para a adquisición daqueles materiais dos que non se dispoña (mobiliario, carpa modular, WC's, xeradores, equipos de imaxe e son, estrutura para focos, etc.).

- Poñendo a disposición das asociacións os devanditos materiais, artellando os mecanismos que faciliten unha utilización eficaz e xusta dos mesmos.
- Estudando e negociando a contratación dun Seguro, e o establecemento dun Plan de Seguridade que cubra tódolos eventos participados polo Concello.

Respecto á Programación cultural do Concello:

- ❖ Incrementar a contratación de grupos e artistas locais.
- ❖ Reformular e potenciar Os Maios, xunto con outras expresións culturais propias, incidindo na expresión espontánea destas tradicións.
- ❖ Publicar e difundir con periodicidade, un boletín que conteña a Programación Cultural propia do Concello, e a organizada por outras entidades.
- ❖ Adaptar os espazos culturais ás necesidades específicas dos colectivos con dificultades físicas, eliminando barreiras arquitectónicas.
- ❖ Utilizar o ámbito cultural para fomentar e apoiar a inclusión social de tódolos colectivos en risco de exclusión.

Respecto ao Conservatorio Municipal:

- ❖ Avanzar cara a elaboración dun plan estruturado que aborde as necesidades e a organización do ensino musical para todo o concello.
- ❖ Propor a supresión do Grao Elemental, mantendo e potenciando a Escola Municipal de Música de Redondela, descentralizándoa o máximo posible para facela accesible á meirande parte do pobo.

Respecto ao fomento da creación artística:

- ❖ Existencia dun Rexistro de artistas locais, tanto afeccionados como profesionais.
- ❖ Avaliar a creación dunha Escola Municipal das Artes Escénicas.

~ XUVENTUDE ~

“Tal vez, algún día deixen ós mozos inventar a súa propia xuventude.” (Joaquín Salvador Lavado Tejón “Quino”, humorista gráfico arxentino, nado no ano 1932.)

Principios Xerais:

A necesidade da xuventude de desenvolver o seu proxecto vital dende a liberdade e a igualdade de oportunidades demándanos que, dende o noso Concello, se leven a cabo políticas de emprego e vivenda que faciliten a súa emancipación e a súa integración social.

A participación da xuventude nestas políticas, require o establecemento dunha relación fluída entre a mocidade e o Concello, que permita coñecer, de primeira man, as inquedanzas deste sector do pobo que representa o noso futuro.

Propostas concretas:

Respecto ao emprego:

- ❖ Elaborar un Plan de Choque Municipal que aborde o desemprego xuvenil:
 - Facilitando os procesos de inserción laboral.
 - Fomentando o autoemprego e as iniciativas empresariais.
 - Informando e asesorando sobre os temas relacionados co emprego.

Respecto á vivenda:

- ❖ Camiñar cara a creación dunha Bolsa Municipal de Vivenda.

Respecto á participación:

- ❖ Propor a creación dun Consello Municipal de Xuventude como órgano consultivo para a toma das decisións que lles afectan, no que teñan cabida tanto ás asociacións, como os mozos/as que non pertencen a ningunha entidade.
- ❖ Apoiar e potenciar as asociacións xuvenís como medio para facilitar a comunicación e a difusión da información.

Respecto á promoción de actividades para a mocidade:

- ❖ Elaborar un programa anual de actividades alternativas para as noites da fin de semana, potenciando a creatividade da mocidade e dando a posibilidade de acadar coñecementos e habilidades extras durante o seu tempo de lecer. (Talleres de radiodifusión, coiro, videocreación, arte con refugallo, pintura, deportes nocturnos ...).
- ❖ Promover actividades saudables entre a mocidade, realizando campañas específicas no que respecta ao alcoholismo, drogodependencia, sexualidade, etc.
- ❖ Ofertar con periodicidade talleres lúdicos, artísticos e encontros deportivos.
- ❖ Incentivar e apoiar a creación de grupos musicais, artísticos, culturais e deportivos.
- ❖ Apoiar aos grupos e asociacións de mozos/as para que poidan desenvolver as actividades que eles mesmos programen.
- ❖ Ampliación dos horarios para as aulas de estudo nas Bibliotecas.

Respecto ao local de ensaio:

- ❖ Establecer un sistema de colaboración cos usuarios do local de ensaio, de tal xeito que asuman a responsabilidade de autoxestionalo conxuntamente co Concello.

~ DEPORTES ~

“Eu coído que habería que inventar un xogo no que ninguén gañase” (Jorge Luis Borges, escritor arxentino, 1899-1986)

Principios xerais:

A ferramenta máis educativa que eu tiven, foi a través do deporte. Alí aprendín a aceptar a derrota, que o outro é mellor, a erguerme despois de non facer ben as cousas, a esforzarme para facelo mellor... (Pep Guardiola, conversa con Fernando Trueba)

A dimensión educativa do deporte, transmisora duns valores baseados en principios cívicos e democráticos, que posibilitan unha convivencia na diversidade e no respecto ás diferenzas, obríganos a dar prioridade, na promoción e axuda ao deporte, á integración e a prevención da exclusión social:

- Potenciando a participación da muller en todos os deportes.
- Fomentando a presenza de deportes minoritarios.
- Atendendo ás necesidades de integración das persoas con discapacidade.
- Coordinando a Área Deportiva, coas de Ensino, Cultura, e Asuntos Sociais, de xeito que se desenvolva unha concepción transversal do deporte: para todos e ao longo da vida.

Propostas concretas:***Respecto ao fomento do deporte:***

- ❖ Colaboración coas diversas entidades deportivas do concello para elaborar, dentro do consenso, un plan de subvencións rexido polos seguintes criterios:
 - A importancia do deporte base.

- Que se teña en conta a creación de escolas deportivas nas distintas parroquias.
 - Que se facilite a integración dos cativ@s con discapacidade e/ou en risco de exclusión social.
 - A equidade no reparto, baseada nos recursos económicos dos clubs/asociacións e usuarios.
- ❖ Avaliar a posibilidade da creación dunha Escola de Deportes Náuticos que se integre no currículo da E. Física dos diferentes centros educativos.
 - ❖ Colaborar na organización de xornadas deportivas interparroquiais, potenciando os encontros escolares.
 - ❖ Elaborar un mapa de camiños polos nosos montes e vieiros verdes para potenciar sendeirismo e actividades deportivas neles.

Respecto das infraestruturas deportivas:

- ❖ Estudar o aproveitamento racional e responsable das instalacións deportivas existentes, tanto as de titularidade pública (municipal ou autonómica –pavillóns das escolas-), como as de titularidade privada.
- ❖ Estudar a localización e creación dunha zona para a práctica dos deportes cos patíns, monopatíns, e patinetes.
- ❖ Avanzar na supresión das barreiras arquitectónicas nas instalacións deportivas.
- ❖ Apoiar a mellora das dotacións deportivas nas parroquias.

Respecto á organización da xestión das instalacións deportivas:

- ❖ Corrixir a confusión e ineficacia do actual modelo de xestión:
- ❖ Elaborando un inventario e unha base de datos, a disposición dos usuarios, do material deportivo do que dispón o Concello, e mesmo das posibles doazóns que puidesen facer os particulares.
- ❖ Promover a creación dun Carné Deportivo que abrangue os abonos, os permisos de acceso, os tempos de utilizacións das instalacións, e os préstamos de materiais.
- ❖ Establecer criterios ecolóxicos e de consumo responsable nos centros deportivos (medidas de aforro no consumo de enerxía e auga, coidado das zonas verdes, xestión dos residuos ...)

~ MEDIO AMBIENTE, RÍOS, MONTES E SOSTIBILIDADE ~

"Só despois de que se tallase a última árbore, só despois de que se envelenase o último río, só despois de que se pesque o último peixe, só entón se decatara de que o diñeiro non pode comerse. "
(Proverbio dos Indios Cree de América do Norte)

"Vale máis unha terra con árbores nos montes que un estado con ouro nos bancos" (Afonso Daniel Rodríguez Castelao, escritor e político galego, 1886-1950)

Principios xerais:

Toda forma de vida precisa dun medio que lle proporcione os recursos e as condicións para desenvolverse. Sendo conscientes do papel imprescindible que o medio ambiente ten como base da propia vida, alén dos moitos beneficios físicos e mentais que nos proporciona, sentimos a obriga social e moral de protexelo das agresións ás que se ve sometido, inevitablemente, pola nosa parte. Por iso, na medida en que sexa posible, teremos que atopar alternativas que eviten ou reduzan a degradación á que estamos sometendo á natureza. Neste sentido, é fundamental a tarefa educativa a través de actividades que permitan aos cidadáns acadar unha formación e unha conciencia de respecto polo Medio Ambiente.

A xestión ambiental non debe ser contemplada nunca coma un gasto, senón coma un recurso para o futuro:

"A Terra non é unha herdanza dos nosos pais, senón un préstamo dos nosos fillos. " (Proverbio Indio)

Propostas concretas:***Respecto da Auga:***

Mellora da súa xestión e control estrito dos vertidos nos ríos e no mar.

❖ Canles fluviais:

- Inicio dos trámites para o establecemento e protección da zona de servidume e policía, para uso público ao longo de tódalas canles fluviais do concello.
- Plan de recuperación ambiental integral dos nosos ríos.

❖ Xestión da auga e saneamento:

- Supervisión do estrito cumprimento das obrigas da concesionaria local en materia de subministro.
- Solicitude a Augas de Galicia do reinvestimento, como mínimo do 80% dos ingresos procedentes de Redondela, en infraestruturas do saneamento, no coidado das nosas ribeira, na recuperación dos espazos públicos, e na preservación e mellora dos nosos ecosistemas acuáticos (mellora do sistema de depuración).
- Creación dun Consello Municipal de Augas, que inclúa ás Comunidades de Augas e aos representantes dos grupos da Corporación, para coordinar a atención das necesidades de servizos de control das augas, da tramitación de documentos e de axudas, e da xestión conxunta dos gastos de conservación das infraestruturas; e para dar un servizo que facilite a tramitación de:
 - A acreditación do número de habitantes por vivenda.
 - A dedución das cotas a familias numerosas.
 - A exención por causas de situación de exclusión social.
 - Os asuntos relativos á condición de suxeito pasivo das Comunidades de Augas.
- Estudo económico e de viabilidade da remunicipalización da xestión da auga.

❖ EDAR de Redondela:

- Análise:
 - Da posibilidade de soterramento da EDAR.
 - Da capacidade de tratamento das novas incorporacións.
 - Da incidencia das augas pluviais.
- Avance na dotación de medidas de separación das augas fecais e as pluviais.
- Elaboración dun mapa definitivo e completo das redes de saneamento e pluviais, que se actualizará con cada obra.

❖ Fontes públicas:

- Actualización do Catálogo de fontes públicas.
- Mantemento periódico.
- Actualización do protocolo de análises periódicas de potabilidade.

❖ Augas pluviais:

- Estudo de viabilidade do seu aproveitamento para o rego dos xardíns públicos.

Respecto á Enerxía:

Optimización, especialmente daquela derivada de fontes non renovables.

- ❖ Racionalización da iluminación pública: Estudo das necesidades lumínicas nocturnas e da procura de alternativas ás tradicionais luces de festa nas rúas da vila.
- ❖ Fomento da instalación de enerxías renovables en edificios de nova construción, e da utilización de luces LED de baixo consumo nos espazos públicos.
- ❖ Realización de auditorías nos edificios públicos do concello, para avanzar cara á eficiencia enerxética.
- ❖ Priorizar o emprego de produtos procedentes da reciclaxe.

Respecto ó eido Forestal:

Posta en valor do noso espazo forestal, de xeito que repercute positivamente tanto no coidado dos montes coma no pobo.

- ❖ Elaboración dun proxecto no que participen as Comunidades de Montes en man común e que, ao amparo dun posible Plan de Emprego, aborde:
 - A recuperación de canles fluviais e vexetación de ribeira.
 - A prevención de incendios.
 - A consolidación de formacións arbóreas ou hábitats forestais orixinais.
 - A solución das problemáticas de accesibilidade, de existiren, mediante o mantemento (ou construción se fose preciso) de miradoiros, áreas recreativas, pontes, sendeiros, así como a conservación dos elementos patrimoniais.
- ❖ Avaliación da viabilidade de transformar as caldeiras dos centros públicos para poderen ser alimentadas con biomasa (estelas que poderían ser subministradas polas Comunidades de Montes, e/ ou pélets) coa finalidade de minimizar a dependencia enerxética dos combustibles fósiles, e reducir os custos de calefacción e auga quente sanitaria.
- ❖ Establecemento de liñas de axuda específica para o eido forestal, incidindo nos seguintes aspectos:
 - Elaboración de instrumento de xestión do monte veciñal en man común, para a súa aprobación pola Admón. Forestal.
 - Realización de levantamentos topográficos e actualización da cartografía, que permitan a clasificación de parcelas veciñais e a resolución de conflitos de lindes.
 - Consecución da certificación forestal, PEFC ou FSC, que acredite a xestión forestal sostible.
- ❖ Programación de actividades de divulgación forestal e do monte, así como das súas problemáticas e posibilidades.
- ❖ Iniciar proceso de revisión dos lindes municipais conxuntamente coas Comunidades de montes Veciñais en Man Común, aproveitando as sinerxias que se poidan crear entre as partes.

Respecto ó Transporte:

Aposta polo público como alternativa á excesiva dependencia do privado.

- ❖ Potenciación dunha rede de transporte colectivo na que se financien bonos/descontos en función dos recursos da poboación.
- ❖ Demanda dunha solución definitiva a prol do tren de proximidade.
- ❖ Acondicionamento das paradas de autobuses con información de horarios e liñas.
- ❖ Fomento do emprego da bicicleta como medio de transporte económico e ecolóxico.
- ❖ Estudo da mobilidade en cada parroquia, determinando os camiños de máis uso peonil ou de bicicleta cara a limitar o uso de vehículos a motor neses camiños e/ou acondicionalos para minimizar os perigos.
- ❖ Avaliación das necesidades, mediante enquisas á poboación, para determinar o nivel de compromiso posible co uso do transporte público.
- ❖ Potenciación dos camiños escolares:
 - Adecuando as infraestruturas.
 - Coordinando aos acompañantes.
 - Determinando rutas e lugares de encontro.
 - Xestionar a adecuación e mellora dos apeadoiros existentes no concello.

Respecto á recuperación, mellora e coidado das Zonas Naturais:

- ❖ Dos Areas:
 - Elaboración dun Plan especial para a posta en valor, a conservación e a restauración dos areas locais.
 - Xestionar a creación dun paseo marítimo ambientalmente sostible ao longo da Praia de Cesantes recuperando a servidume de tránsito, de carácter peonil e ciclista, no que se limite o acceso dos vehículos a motor.

- ❖ Das Sendas verdes:
 - Avaliar a posibilidade da conexión da Senda da Auga co centro de Chapela, polo río Maceiras, a través da finca da Ginaria, e ampliación da mesma ás parroquias de Ventosela e O Viso.
 - Unha vez exista un servizo de proximidade e a construción dun apeadoiro en Chapela, xestionar o trazado antigo do ferrocarril a Urzaiz para uso e goce da cidadanía.
 - Estudo da posibilidade de interconexión entre os sendeiros verdes existentes, así como a creación e mantemento doutros novos, en colaboración coas Comunidades de Montes e outras asociacións.
 - Estudo da posibilidade de ampliación das zonas verdes urbanas.
 - Xestión da recuperación dos camiños a pé dende as zonas de vivendas, conectándoas coa senda do Maceiras en diferentes puntos.
- ❖ Dos espazos protexidos e singulares:
 - Establecemento e divulgación de medidas de conservación específicas na zona protexida pola Rede Natura da Enseada de San Simón, das formacións relevantes de vexetación autóctona, das masas de vexetación ripícola, das formacións singulares, e dos microhábitats dos rochedos.
- ❖ Da xestión e control das especies invasoras:
 - Elaboración dun Plan para a Erradicación das Especies Invasoras, priorizando o control biolóxico para minimizar o impacto no medio. Incluiríase formación específica para os traballadores do sector medioambiental do concello e campañas divulgativas para a información e concienciación da veciñanza.

Respecto da xestión dos Residuos: Aplicación da Regra das Tres Erres: REDUCIR, RECICLAR, REUTILIZAR.

- ❖ Avaliación da viabilidade da posta en marcha de sistemas de minimización de residuos, que reduzan a dependencia do modelo SOGAMA:
 - Estudo dun Plan de recollida de residuos orgánicos non cociñados para a posterior elaboración de compost.
- ❖ Potenciación das iniciativas de troco de produtos de segunda man, e dos produtos ecolóxicos da horta:
 - Establecemento dun posto específico nas feiras periódicas e/ou outro permanente no segundo andar do Mercado de Abastos.
- ❖ Fomento da reciclaxe nos establecementos comerciais.
- ❖ Regulación dos Puntos Limpos:
 - Esixencia a Urbaser do cumprimento do contrato de recollida de lixo, volvendo a poñer en funcionamento o punto limpo móbil.
 - Xestionar a creación dun punto limpo fixo para a recollida e selección das diversas fraccións inorgánicas presentes nos residuos sólidos urbanos, especialmente os voluminosos e especiais.
 - Avaliación da rede de puntos de recollida de lixo, tanto da súa distribución como tipoloxía do residuo a depositar, para a toma das medidas que permitan corrixir ou complementar eses puntos segundo as necesidades reais do lugar.
 - Divulgación das funcións e o uso correcto das instalacións.

Respecto da Contaminación:

- ❖ Vertidos:
 - Recuperación da zona de servidume dos nosos ríos para determinar con celeridade os lugares da orixe dos vertidos ilegais.
 - Identificación dos puntos de vertidos contaminantes ao solo e aos ríos, promovendo a creación dunha rede de alertas que permita a identificación da súa orixe, a denuncia dos mesmos perante as autoridades competentes, e a investigación para rematar nunha proposta de solución e/ou sanción.
 - Actuación dende o Concello como acusación, solicitando as máximas sancións para os contaminadores intencionados

- ❖ Contaminación electromagnética:
 - Avaliación do estado actual das antenas de telefonía existentes, establecendo un programa de medicións periódico, e tomando as medidas pertinentes con aquelas que se atopen en situación irregular.
- ❖ Control efectivo da contaminación acústica e lumínica.

Respecto dos Animais:

- ❖ Posta en marcha dunha Campaña de Concienciación da veciñanza, na que se aborden as responsabilidades que leva consigo a decisión de ter animais: a obriga do seu coidado e o cumprimento dunhas normas cívicas de hixiene e de respecto polo entorno e os conveciños.
- ❖ Estudo da posibilidade de constitución dunha protectora de animais local, que se faga cargo dos animais domésticos que sufran abandono ou dano.
- ❖ Elaboración dun protocolo de esterilización respectuosa coas poboacións de animais domésticos asilvestrados (gatos, cans,...): Proxecto C.E.S. -Captura, Esterilización, Solta- aplicado con éxito noutras cidades.
- ❖ Acondicionamento de zonas para ceibar ós cans, e estudo da habilitación de tramos da praia para o espaxamento dos mesmos.

~ NOVAS TECNOLOXÍAS E RADIO MUNICIPAL ~

"...A diversidade tecnolóxica di ser diversidade democrática. A tecnoloxía pon a imaxe, a palabra, e a música ao alcance de todos, coma nunca antes acontecera na historia humana, pero esta marabilla pode converterse nun engano (...) se o monopolio privado remata por impoñer a ditadura da imaxe única, a palabra única e a música única." (Eduardo Galeano, escritor e periodista uruguaio, 1940-2015)

Principios Xerais:

Potenciación das novas tecnoloxías como unha ferramenta fundamental de TRANSPARENCIA E PARTICIPACIÓN.

Propostas concretas:

Respecto ás páxinas web municipais:

- ❖ Mellora da accesibilidade das páxinas web do Concello.
- ❖ Converter a web do Concello de Redondela nunha plataforma de información real, eficiente e rápida para que a veciñanza poida coñecer tódolos procedementos posibles a través desta canle e participar realizando achegas e suxestións mediante medios electrónicos.
- ❖ Creación dunha Sede Electrónica Municipal para trámites en liña, rexistro telemático e seguimento de expedientes.

Respecto ás relacións coa veciñanza e centros culturais:

- ❖ Avanzar cara a dotación dos edificios culturais ou parroquiais de máis sistemas informáticos, para un mellor desenvolvemento cultural e formativo da veciñanza.
- ❖ Elaborar un Plan de dinamización, promoción, e participación social na radio municipal, achegando á mocidade a radio mediante obradoiros participativos.

Respecto ao fomento das novas tecnoloxías e radio:

- ❖ Promover e potenciar as actividades e cursos de formación das aulas de informática dos Multiusos de Redondela e Chapela.
- ❖ Establecer unha programación formativa centrada na mocidade, nos sectores da poboación en risco de exclusión social e nos xubilados, que podería achegarse ás parroquias a través dos medios electrónicos.

- ❖ Informar e formar aos cidadáns respecto dos trámites administrativos nas sedes en liña.
- ❖ Realización de cursos específicos en novas tecnoloxías para desempregados, buscando a súa inserción laboral.
- ❖ Dinamización e optimización da Radio municipal de Redondela, incrementando a súa presenza en internet, sen perder o medio radiofónico, coa creación dunha plataforma que incentive a interactividade entre os veciños, o Concello, a hostalería, o comercio, etc.
- ❖ Propor a creación dun programa de teatro radiofónico en colaboración cunha escola municipal das artes escénicas e teatro.
- ❖ Apoio á creación dunha asociación sen ánimo de lucro de radioaficionados.
- ❖ Retransmisión dos distintos acontecementos culturais, deportivos e de interese xeral. Retransmisión en directo dos plenos a través da radio municipal.
- ❖ Mellora da cobertura en tódalas parroquias do concello así coma a emisión en liña.
- ❖ Apostar, nas emisións de publicidade, polo fomento do comercio local.

~ URBANISMO, INFRAESTRUCTURAS, VÍAS E OBRA ~

“... Pero se un alcalde, máis que na súa reelección pensa no futuro da súa cidade, nos fillos e nos netos dos seus veciños, entón ten que poñer en marcha a esperanza.” (Francesco Tonucci “Frato”, psicopedagogo e debuxante italiano, nado no ano 1940)

Principios Xerais:

- ❖ Avance na elaboración dun PXOM racional, baseado na autonomía, identidade, accesibilidade, e sostibilidade medioambiental, social e económica.
- ❖ Entender o espazo como unha dimensión máis do ser humano, con personalidade, identificable non como un lugar de tránsito, senón para vivir e compartir historias; o espazo das nosas vidas!
- ❖ Avanzar na posta en marcha de medidas para minimizar os problemas de accesibilidade e mobilidade, tanto en rúas e camiños públicos como en edificios da administración local e cumprir a normativa existente.
- ❖ Analizar de xeito público, participativo e transparente a situación de legalidade urbanística cara a adoptar medidas definitivas que acaben para sempre coa discriminación que supón ser legal fronte ao “fai, e se non te denuncian”
- ❖ Potenciar o servizo de legalidade urbanística cun plan operativo de vixilancia continua coordinado cos servizos técnicos.
- ❖ Camiñar cara un urbanismo respectuoso coas persoas, recuperando a rúa para os peóns e bicicletas, sempre dentro das limitacións e casuísticas propias de cada entorno.
- ❖ Avanzar cara a modelos urbanos recoñecidos na súa priorización do viandante e da calidade de vida dos cidadáns, como por exemplo, o modelo de desenvolvemento de pobo establecido nos últimos anos na cidade de Pontevedra, no que se tivo en conta o proxecto “A cidade dos nenos” de Francesco Tonucci: “Os ollos dos nenos son os principais catalizadores das necesidades urbanas, ... a medida do que todos os demais precisamos, ... que a Administración baixe os seu ollos a altura dos nenos para non perder a ninguén.”
- ❖ Propoñer que o noso Concello estude a posibilidade de formar parte da “Rede da Cidade dos nenos”.
- ❖ Maior profesionalización do departamento de vías e obras, dotándoo dos medios necesarios.
- ❖ Transparencia e eficacia das contratacións de obras menores.
- ❖ Plan de camiños ou de ordenación do territorio no rural.
- ❖ Avaliación da rede de saneamento actual, primando a separación de pluviais e fecais.
- ❖ Plan anual de mantemento xeral de infraestruturas.

Propostas concretas:***Respecto a accesibilidade:***

- ❖ Creación do Observatorio Municipal da Discapacidade, contando, de ser necesario, co asesoramento do “Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras”.
- ❖ Elaboración dun informe municipal de accesibilidade de todos e cada un dos edificios públicos.
- ❖ Compromiso, para o cumprimento, de que cada obra con licenza municipal leve consigo un anexo no que o técnico municipal responsable acredite a accesibilidade.
- ❖ Compromiso de que cada actuación realizada polo Concello ou coa súa colaboración levará aparellado un informe de accesibilidade.

Respecto das barreiras arquitectónicas:

- ❖ Cumprir a lexislación no referente ás barreiras arquitectónicas das rúas, principalmente nas zonas de actividade comercial dos núcleos urbanos do concello.
- ❖ Establecemento dun plan para o desenvolvemento progresivo das medidas de eliminación de barreiras, tendo en conta as prioridades seguintes:
 - Mellorar a habilitación dos accesos, entradas, beirarrúas, e ramplas, para que permitan a libre circulación das persoas discapacitadas nas proximidades e arredores das zonas educativas, sanitarias, culturais e de recreo (centros escolares, ambulatorios, zonas de actividades deportivas, parques, xardíns...).
 - Iniciar un proceso de diálogo cos comercios locais que non teñan a obriga de cumprir esta normativa a fin de que sexan partícipes desta labor social habilitando os seus establecementos para que o colectivo de persoas con discapacidade non se atope con limitacións á hora de desenvolver as súas actividades esenciais e cotiás.
 - Especial atención ás instalacións públicas de uso colectivo salientable: Aparcadoiro da Xunqueira, Multiusos, Pavillóns, Concello e instalacións complementarias. Para isto, adicarase unha partida orzamentaria, como establece a Lei, amparada nun plan de prioridades e nun programa anual no que se avalíen os resultados e se revisen as prioridades, xunto cos colectivos e grupos implicados.
 - Concertar reunións periódicas co Observatorio Municipal da Discapacidade como órgano dinamizador, avaliador, e impulsor destas políticas de normalización da accesibilidade universal.

Respecto das grandes infraestruturas:

- ❖ Informar desde o primeiro momento, das características e posibilidades de interpor recursos.
- ❖ Nos casos de obras de grandes infraestruturas que afecten a noso municipio, poñer a disposición dos cidadáns un servizo de asesoría e consulta como mínimo un día a semana.
- ❖ Demandar a recuperación pública da concesión da AP-9 e a eliminación das peaxes locais (sen asumir peaxes na sombra).
- ❖ Demandar actuacións para reducir e minimizar as afeccións das grandes infraestruturas que afectan ao territorio de Redondela (AVE, Aeroporto, AP9,...) de cara a mellorar a calidade de vida dos afectados: medidas de insonorización, pantallas vexetais, pasos axeitados e accesibles para toda veciñanza,
- ❖ Oposición á construción da autovía A-57 e outras grandes infraestruturas innecesarias e agresivas co medio.

Respecto a dotacións municipais:

- ❖ Acondicionar o espazo da feira do gando para habilitalo como “espazo público de uso permanente”
- ❖ Facer as xestións oportunas para a recuperación social e comunitaria das antigas casas dos Mestres da Avda. de Mendiño.
- ❖ Estudo da necesidade e posibilidade de construción dunha Estación de Transporte.
- ❖ Establecemento de espazos de aparcadoiro disuasorios, que faciliten o uso do transporte colectivo e compartir vehículos.

Respecto do PXOM:

- ❖ Facilitar a participación da veciñanza no deseño do futuro urbanístico de Redondela mediante a información permanente, a transparencia e a implicación dos Consellos Parroquiais.
- ❖ Tratar de impulsar o desenvolvemento harmónico das parroquias dentro das posibilidades que a lexislación permita, facilitando a inserción e procurando evitar o despoboamento progresivo.

Respecto das obras do AVE:

- ❖ Negociar a cesión de zonas afectadas para uso público, sen prexuízo das medidas de seguridade que correspondan.

Respecto da humanización dos cascos urbanos:

- ❖ Humanización e reinsertión da xente nos cascos vellos, facilitando a mobilidade nestas zonas e restrinxindo o uso de vehículos, agás residentes.
- ❖ Creación de tarxeta residente e acondicionamento de aparcadoiros.

Respecto das Vías e Camiños:

- ❖ Mantemento periódico e ben planificado de tódalas vías, instalacións e infraestruturas dependentes da administración local.
- ❖ Elaboración dun Plan Xeral de arranxo de camiños e vías interiores das parroquias, establecendo a prioridade daquelas vías que deixen espazo para carrís bici ou uso exclusivo de vehículos sen motor.

Respecto da Seguridade Viaria:

- ❖ Sinalización correcta de tódalas zonas educativas do concello, e avance cara á mellora da seguridade viaria do seu entorno.
- ❖ Posta en marcha das medidas precisas para reducir a condución a velocidades inadecuadas nas estradas do concello.
- ❖ Demanda a Fomento e Deputación da mellora da seguridade das estradas da súa titularidade.
- ❖ Defensa e xestión da creación de carrís específicos para peóns e bicicletas.

Respecto da iluminación pública:

- ❖ Corrixir as carencias de alumeadado e fallos na seguridade das luminarias públicas.
- ❖ Elaboración dun plan de aforro de gasto enerxético.

~ LIMPEZA VIARIA E PARQUES E XARDÍNS ~

“Non todo espazo libre, é necesariamente un xardín, mais todo xardín é un espazo libre” (J.C.N Forestier, arquitecto e paisaxista francés, 1861-1930)

Principios Xerais:

Redondela non estará máis limpa por limpala moito senón por lixala pouco.

Propostas concretas:***Respecto á concienciación social:***

- ❖ Posta en marcha dun plan de concienciación xeral, con especial atención aos centros educativos a prol dun modelo máis centrado en non lixar.

Respecto á xeración de residuos en actos e eventos públicos:

- ❖ Plan de intervención e sensibilización nas feiras cara a eliminación de residuos plásticos.
- ❖ Plan de medidas de concienciación e xestión responsable de residuos en grandes eventos festivos.

Respecto á xestión de arborado urbano e xardíns:

- ❖ Realización de traballos de poda das árbores urbanas de xeito respectuoso co arborado e seguindo criterios técnicos que impidan que se lles ocasionen danos innecesarios.
- ❖ Plan de mantemento mensual e estacional dos xardíns e masas arbóreas dependentes do Concello.
- ❖ Avaliación da posibilidade de ampliar masas verdes en áreas urbanas coa finalidade de crear ambientes verdes que melloren a calidade de vida da veciñanza.
- ❖ Priorizar o emprego de plantas perennes autóctonas, minimizando as plantas perennes estacionais.

Respecto a parques infantís e de adultos:

- ❖ Plan de mantemento estacional dos parques infantís e de adultos.
- ❖ Supervisión continuada para evitar elementos deteriorados e asegurar o cumprimento continuado das medidas legais de seguridade neste tipo de elementos.

~ FACENDA E XESTIÓN ECONÓMICA ~

“*Todo necio confunde valor e prezo*” (Antonio Machado, poeta español da Xeración do 98, 1875-1939)
 “*Non hai nada máis estúpido que facer o mesmo e esperar resultados diferentes*” (Albert Einstein, físico alemán. premio Nóbel de física 1921. 1879-1955)

Principios Xerais:

- ❖ Recuperación dos servizos públicos privatizados.
- ❖ Fiscalidade e tributos con criterios en prol dunha xusta redistribución das cargas impositivas a favor das rendas baixas.
- ❖ Maximizar o retorno cos mesmos recursos.

Propostas concretas:***Respecto ás axudas outorgadas polo Concello:***

- ❖ Dotación progresiva de bases xustas, reguladas e equitativas para os diferentes procesos de axudas (subvencións, convenios ou outras fórmulas) que partan da administración local.

Respecto aos servizos privatizados:

- ❖ Avaliación da posibilidade da progresiva recuperación dos servizos privatizados a medida que vaian rematando as concesións ou que se dese un incumprimento das obrigas desa concesión, que xustifiquen a revogación desta, dentro do marco lexislativo actual. Os servizos que finalizan no vindeiro mandato serán:
 - Recadación (2017). Posibilidade de recuperación mediante a confección dun equipo administrativo especializado.
 - Servizo Municipal de Auga e Saneamento (Aqualia, 2018). Posibilidade de creación dunha empresa municipal de augas.
 - Piscina municipal de Redondela (2019) e de Chapela (2019). Potenciar a creación dunha sociedade cooperativa redondelana que sexa quen de xestionar as actividades deportivas nas piscinas de Redondela e Chapela, tratando de incorporar prioritariamente aos actuais empregados.

Respecto ás ordenanzas fiscais do Concello:

- ❖ Creación dunha mesa de traballo cos distintos grupos presentes no Concello para a análise e posibles modificacións das ordenanzas, así como da eficacia dos mecanismos recadatorios. Adecuación á situación económica actual, establecendo bonificacións e exencións en función da renda.

Respecto aos impostos municipais:

- ❖ Avaliar o establecemento dun modelo de pago unificado de impostos coa posibilidade de pagos fraccionados trimestrais ou mensuais (IBI, vehículos, Incremento Valor engadido, ...).
- ❖ Avanzar cara procedementos efectivos de abono de impostos dentro do ano natural da emisión dos recibos.

Respecto do orzamento do Concello:

- ❖ Publicación dos orzamentos (borrador e definitivo) e dos estados de execución trimestrais.
- ❖ Facer partícipes aos diferentes axentes sociais e á veciñanza en xeral da confección dos orzamentos anuais.
- ❖ Charlas formativas periódicas, impartidas por especialistas, sobre contidos e estrutura dos orzamentos municipais.
- ❖ Avanzar cara o cumprimento real dos gastos programados no orzamento anual no referente a servizos sociais, igualdade e ensino que dependan directamente do Concello de Redondela.

Respecto ás contas municipais:

- ❖ Saneamento das contas, redución da débeda e racionalización e optimización dos gastos baixo a filosofía de “maximizar o retorno cos mesmos recursos”.
- ❖ Control e optimización do gasto establecendo unha contabilidade detallada por investimento realizado.

~ DESENVOLVEMENTO LOCAL ~ EMPREGO, COMERCIO E INDUSTRIA, FEIRAS E MERCADOS

"Os cartos non crean ideas, senon melancolía". (Gunter Grass, escritor alemán, premio Nóbel de literatura 1999, 1879-1955)

"Hai suficiente no mundo para as necesidades do home, pero non para a súa avaricia" (Mahatma Gandhi, pensador e político hindú, 1869-1948)

Principios Xerais:

Identificación dos recursos da localidade, tanto humanos como materiais, para artellar a dinamización do sistema produtivo e social ao redor das potencialidades das iniciativas locais, minimizando a utilización dos recursos externos.

Propostas concretas:***Respecto ao Emprego:***

- ❖ Adecuar a oferta formativa dos Plans de Emprego, ás necesidades dos desempregados.
- ❖ Creación dunha bolsa municipal “PÚBLICA” de emprego e formación fixando unha rigorosa quenda de rotación pero tendo en conta as circunstancias de risco de exclusión social e cargas familiares.
- ❖ Racionalizar a distribución dos cursos que se impartan nos mesmos, evitando períodos de saturación.

- ❖ Garantir o investimento dos Obradoiros de Emprego, dándolles unha continuidade ao seu remate que se traduza na creación de postos de traballo nos servizos que presta o noso Concello.
- ❖ Propoñer aos propietarios de fincas a posta en marcha dun Banco de Terras.
- ❖ Avanzar cara á potenciación das iniciativas produtivas locais, de Quilómetro Cero e respectuosas co medio ambiente.
- ❖ Fomentar o cooperativismo no eido da agricultura ecolóxica, tanto para o consumo propio, como para a comercialización dos produtos a través de canles curtas de produción-transformación-distribución, no mercado local.
- ❖ Apostar pola multifuncionalidade do sector forestal, diversificando especies arbóreas, avaliando a posibilidade de aproveitamento gandeiro, apícola, cogomelos, froitos silvestres, apicultura, plantas medicinais, etc.
- ❖ Potenciar a creación dun viveiro de empresas para dar oportunidades aos novos emprendedores.
- ❖ Impulsar, na medida que a lexislación o permita, a creación de empresas de integración-inserción social, e colaborar coas existentes.
- ❖ Desenvolver unha campaña informativa destinada ás empresas locais, para dar a coñecer as vantaxes de integrar a persoas con discapacidade.

Respecto á Industria e comercio:

- ❖ Impulsar, con criterios de sostibilidade, as áreas industriais existentes no concello, consolidalas e dotalas dos medios precisos para o seu desenvolvemento.
- ❖ Promover o turismo integral: costa, rede natura, praias, sendeiros, montes, áreas recreativas, casco histórico, valores históricos etnográficos e culturais, Camiño Portugués, festivais diversos...
- ❖ Apoiar a iniciativa do “Centro Comercial Aberto” de Redondela e similares que se poidan constituír.

Respecto á produción local:

- ❖ Xestionar a organización dun mercado ecolóxico, coa participación dos produtores.
- ❖ Crear un rexistro de artesáns locais, que permita difundir e promover a súa actividade.
- ❖ Potenciar o mercado dos produtos locais desenvolvendo campañas que sensibilicen na oportunidade de practicar un consumo responsable.

~ TURISMO ~

“Viaxar implica cambiar de actitude: agudízase a curiosidade, ábrese as ventás dos sentidos e volvémonos moito máis receptivos a todo o novo” (Mayte Suárez Santos, doctora en Ciencias da Comunicación)

Principios Xerais:

Tendo en conta todos os estudos de potenciación turística que se levan feito no Concello de Redondela e sabedores da cantidade de recursos e patrimonio que posuímos (histórico, natural, industrial, gastronómico, etc.), podemos dicir que contamos con elementos dabondo para desenvolver produtos turísticos que sexan atractivos.

A posta en valor, a difusión e tamén a promoción son imprescindibles, pero non debemos esquecer que o que é atractivo para nós pode non selo para os visitantes. Hai que contar coas análises necesarias para a xestión óptima dos recursos e para definir a estratexia turística para especializarse e diferenciarse doutros servizos ofrecidos.

Para iso deberase contar, ademais de coa veciñanza en xeral, con aqueles profesionais do turismo, que traballan a diario e toman o pulso das diferentes tendencias e preferencias dos visitantes. Facer atractivos e logo comerciáveis todos os produtos turísticos, debería ser o obxectivo principal, pero sempre reforzando

Redondela como referente que contemple unha visión global respectuosa de ocio, cultura, patrimonio e medio ambiente.

Propostas concretas:

Respecto a referentes turísticos de calidade:

- ❖ Actuacións de recuperación e posta en valor dos elementos patrimoniais relevantes nas diferentes parroquias do concello: Monte Penide, telleiras, petróglifos e xacementos relevantes, miradoiros relevantes, edificios e casonas históricas, camiños históricos, antigos castelos e fortificacións, etc.
- ❖ Axeitar os núcleos históricos ou tradicionais e avaliar a posibilidade de establecer liñas de axudas específicas para realizar actuacións de mellora estética.
- ❖ Promoción de turismo de natureza respectuoso, tanto na costa coma no interior.
- ❖ Promoción do turismo en torno a eventos culturais de calidade.
- ❖ Potenciación dos atractivos gastronómicos locais, que ademais estean vinculados a sectores produtivos estratéxicos e xeradores de emprego na localidade.

Respecto á divulgación turística:

- ❖ Creación dun plan de divulgación dos valores turísticos de Redondela para difundir entre os visitantes e transeúntes que visiten Redondela, aproveitando o potencial dos usuarios do Camiño Portugués como canle de difusión.
- ❖ Traballar para ofertar un plan de visitas guiadas que se lle facilite aos turistas que chegan a Vigo nos diferentes cruceiros, a Peinador e nas estacións de autobuses de Vigo e Pontevedra: Meirande, San Simón, Monte Penide, Lonxa (con degustación de chocos), etc.
- ❖ Promoción de rutas de sendeirismo existentes no concello, aproveitando as potencialidades dos medios dixitais e dispoñendo información particularizada de cada valor a potenciar a disposición do turista (folletos explicativos,...).
- ❖ Aproveitar os eventos festivos e culturais puntuais como focos de divulgación e coñecemento das potencialidades turísticas locais.
- ❖ Realización periódica de cursos de formación e actualización turística, teórico-prácticos, que incidan nos nosos recursos e no deseño, difusión e comercialización de produtos turísticos. Concretando unha implicación e sensibilidade de cara a transmitir os nosos recursos turísticos ao visitante que se achega ao concello.

Respecto á hospedaxe turística:

- ❖ Desenvolver un plan de aloxamentos coordinados desde a web do Concello en colaboración coas diferentes empresas e ofertantes.
- ❖ Aproveitar a potencialidade da páxina web oficial do Concello para crear e difundir unha rede de aloxamentos da comarca.
- ❖ Estudo das necesidades de aloxamento, dinámicas nas pernoctacións dos turistas na provincia e debilidades ou limitacións existentes no concello para o sector da hospedaxe.

Respecto á planificación turística:

- ❖ Coordinación das accións, programas temporizados e necesidades complementarias de cada evento con potencialidade turística.
- ❖ Traballar para a creación de paquetes turísticos atractivos de 2-3 días na localidade.
- ❖ Establecemento progresivo dun plan de mobilidade específico para visitantes coa elaboración dun mapa integrado de rutas e elementos relevantes, así como accesibilidade a bicicletas públicas.
- ❖ Implicación de tódolos axentes (“touroperadores”, axencias de viaxe, guías turísticos, navieiras, hostalería, hoteis, comercio local, etc) directamente nos proxectos de rutas turísticas marítimas e terrestres e viaxes de familiarización.

~ INTERIOR ~

"Sexamos realistas e fagamos o imposible" (Ernesto "Che" Guevara, político, escritor, periodista e médico arxentino-cubano, 1928-1967)

Principios Xerais:

Avanzar cara a regulamentos xustos e adaptados á realidade actual da sociedade do noso concello. Optimización, mellora e maior achegamento dos servizos de urxencias e protección ao cidadán.

Propostas concretas:

Respecto aos Regulamentos:

- ❖ Establecemento de festivos locais o xoves da Coca e o martes do Entroido.
- ❖ Creación dun regulamento de Acollementos Civís (presentación dos nenos e nenas á sociedade).
- ❖ Deixar de mesturar as institucións políticas e relixiosas, non participando a Corporación Municipal, como tal, nas manifestacións de índole relixiosa; de acordo co art. 16.3 da Constitución: "Ningunha confesión terá carácter estatal."
- ❖ Garantir "... a protección do dereito dos demais ao exercicio das súas liberdades públicas e dereitos fundamentais." (*art. 3 L.O. 7/1980*), "... non sendo obrigado a practicar actos de culto, ou a recibir asistencia relixiosa contraria as súas conviccións persoais." (*art. 2b L.O. 7/1980*), non permitindo a difusión, mediante megafonía, de ningún tipo de evento ou cerimonia relixiosa, agás no caso puntual de festas patronais ou eventos nos que se exceda o aforo dos espazos dedicados ao culto.

Respecto aos Rexistros:

- ❖ Estudo da ampliación do Portelo Único do Rexistro do Concello (o que existe na actualidade só afecta aos documentos dirixidos á Xunta), asinando un convenio coa Administración do Estado, que permita a tramitación da documentación dirixida a Facenda, Seguridade social, e outros ministerios.

Respecto á Policía Local:

- ❖ Avaliar a dotación dunha oficina da Policía Local en Chapela.

Respecto ao GRUMIR e Protección Civil:

- ❖ Establecemento dun convenio de bombeiros obrigatorio por lei, público e de calidade que garanta a seguridade dos veciños.
- ❖ Estudo da situación "excepcional e de necesidade urxente" pola que está a pasar o servizo de emerxencias e Protección Civil, para atopar fórmulas que permitan manter un servizo as 24h, os 365 días do ano.

Respecto á organización do tráfico:

- ❖ Reordenación racional da circulación de vehículos nos cascos urbanos, tendente á humanización dos barrios.

Respecto aos Recursos Humanos:

- ❖ Dotación dos medios apropiados para que o traballo desenvolvido polo persoal do Concello sexa eficiente.
- ❖ Cumprimento da legalidade en canto a Prevención de Riscos Laborais, en tódolos centros de traballo dependentes da Administración Local.

**¡NÓS SOMOS VÓS!
XUNTOS DECIDIMOS**



**AGRUPACIÓN
ELECTORES
DE REDONDELA**